PLAN SOCIO COMUNITARIO DO BARRIO DE VITE

O Plan Socio-Comunitario de Vite debe entenderse como unha intervención contra os factores que tenden a desestructurar a comunidade, a consagrar o reparto desigual da participación e o benestar e a segregar ós sectores menos aptos para adaptarse ó ritmo social.

Neste senso, o obxectivo xeral é facilitar o desenvolvemento dun proceso de estructuración social do barrio, de forma que permita ir mellorando cualitativamente a calidade de vida do conxunto dos veciños e tamén a situación de marxinalidade vivida por un sector importante da poboación do mesmo, e na que os veciños estean fondamente implicados, cuestión intimamente ligada a prevención de situacións de "risco social" e que posibilita paralelamente unha labor de reinserción social dos "casos" xa detectados.

Inda que a tutela legal do Plan Socio-Comunitario de Vite é da Asociación de Veciños "Polígono de Vite", este, depende funcionalmente da Coordenadora de Barrio, onde están integradas as entidades sociais e os servicios públicos do barrio. Na mesma defínense os obxectivos, aprobase a planificación do traballo, faise o seu seguimento e avalíanse os resultados acadados en relación cos obxectivos definidos. Dela depende tamén o Equipo técnico.

Por outra parte a Coordenadora estructurouse en diversas comisións de traballo integradas por membros das entidades máis directamente implicadas en cada tema e outros veciños a nivel individual e tamén algún dos membros do Equipo técnico. Das mesmas dependeron as distintas actividades.

Dende un principio, definíronse dous niveis de intervención interrelacionados entre si, que se seguen mantendo: Un nivel Preventivo e outro de Reinserción ou Incorporación Social. Tamén vimos diferenciando tres áreas de actuación: Unha xenérica, de ***Ámbito Comunitario***; outra centrada no ***Ámbito Escolar***; e unha terceira específica referida ós mozos/as en situación de risco social, que recolle o ***Ámbito Socio-Laboral.***

BALANCE DAS ACTIVIDADES NO ANO 1995 E SITUACIÓN ACTUAL

ACTIVIDADES	DESTINATARIOS	TEMPOR	ANTIGÜ	AVALIACIÓN	ALTERNATIVAS
No ÁMBITO COMUNITARIO	Pártese de que é esencial, tanto a nivel preventivo como de reinserción social, desenvolver operativamente o principio de participación, activación e posta en marcha da capacidade autoorganizativa da comunidade, dirixido a promover a consolidación dun tecido social participativo e implicado coa problemática social, mediante o fomento do asociacionismo, a coordinación permanente das entidades sociais e os servicios existentes en cada barrio, aproveitando mellor os recursos, e encadrando as accións puntuais e illadas nun horizonte global de actuación.				
PROGRAMAS DE INFORMACIÓN ACTIVA	Co obxectivo de que os veciños dispoñan da maior información posible e que dispoñan de máis argumentos e oportunidades de sentirse partícipes da dinámica social do barrio.				
PUNTO INFORMACIÓN XUVENIL "TRIQUIÑOLA"	MOCIDADE e Veciños en xeral	DIARIO	1994	Positiva a idea.limitouse a ser unha oficina burócrata	Facelo máis dinámico actividades cara a fora
PROGRAMA DE RADIO "CURRICULUM VITE"	TÓDOLOS VECIÑOS	SEMANAL	1994	Positiva a idea. Falla a publicidade	Retoma-la. Facer unha campaña. Participación
PERIÓDICO DO BARRIO "CURRICULUM VITE"	TÓDOLOS VECIÑOS	Bimensual	1992	Positiva a idea. Falla de continuidade	Solución a infraestructura. redefinir responsabilidades

Arq. Domingo de Andrade, 8 - baixo 15704 SANTIAGO
Teléfono e Fax: (981) 573942

ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	TEMPOR	ANTIGÜ	AVALIACIÓN	ALTERNATIVAS
PROGRAMAS DE FORMACIÓN SOCIAL	Xunto coa información debe ser un pilar importante no camiño de superar os hábitos de dependencia xeralizados, de acadar a igualdade de oportunidades, de non quedarse ao marxe, de dispor de máis recursos para avanzar nunha mellor calidade de vida individual e colectiva, de poder participar activamente na vida cotián.				
ESCOLA DE ADULTOS	42 persoas: Alfabetización, Primaria e Graduado	DIARIA	1991	Os que a deixaron están en F.P. ou traballando	
AULAS DE APOIO	Nenos/as de EXB especialmente con dificultades psico-pedagóxicas	Dous días a semán	1994	Participan actualmente 12 nenos/as Positiva para os participantes	Traballa-lo tema dende o Colexio de EXB
BIBLIOTECA POPULAR	Prestamos aos veciños	?	-----	Non funciona. Está feita a catalogación de libros.	
ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN DO TEMPO LIBRE	Co obxectivo de xerar unha dinámica de actividades que abarque tódolos sectores da poboación, diversificadas, continuadas, e sempre baseadas no tecido asociativo do barrio.				
DISCOTECA "LIGHT"	MOCIDADE	SEMANAL	1994	Está paralizada	Lograr o uso do local Municipal, ou outro.
DEPORTE A MEDIODÍA	NENOS/AS e MOZOS/AS	Tres días a semán	1992	Dificultades fundamentalmente polo horario (12-14)	Unificación dos colectivos deportivos do barrio
"CHOUPÍN"OBRADOIROS EDUCACIÓN AMBIENTAL	NENOS/AS MENORES DE 8 ANOS	SEMANAL	1994	Está Paralizada	
FESTA ECOLÓXICA	TÓDOLOS VECIÑOS	ANUAL	1989	Participaron 90 persoas Sen continuidade no ano	Actividades continuadas ao longo do ano
COLONIAS DE VERÁN	NENOS/AS de 8 a 14 anos	ANUAL	1992	Participaron 55 nenos. Certo descontrol organizativo	Maior seguimento dende a Coordenadora.Continuidade durante o ano
SEMAN DE CINE O AIRE LIBRE	Todos os veciños	ANUAL	1986	Actividade histórica	Revalorizala readaptan dose os tempos
OLIMPÍADA DEPORTIVO-CULTURAL	TÓDOLOS VECIÑOS	ANUAL	1992	Un mes de actividade per namente con 1000 partic.	
CONMEMORACIÓNS TRADICIONAIS	TÓDOLOS VECIÑOS	ANUAIS	SEMPRE	Non se veñen facendo	Recuperar a súa organización
RECOLLIDA XOGUETES "REISES PARA TODOS"	Familias con dificultades	ANUAL	1994	Moi boa acollida	
No ÁMBITO ESCOLAR	Prantexámonos, fundamentalmente, abordar a problemática do fracaso escolar como desencadeante, xunto con outras causas relacionadas, da situación de inadaptación social dun alto porcentaxe de rapaces; e facelo dun xeito rigoroso e sistematizado, para o cal considérase básico fomentar a participación dos pais, alumnos e profesores na vida da escola e lograr unha boa interrelación entre a escola e o barrio.				
OBRADOIROS EXTRA-ESCOLARES NA EXB	Nenos/as de EXB. Principalmente aqueles con dificultades de integración	Tres dias a semán	1994	Non cumpriron o seu obxectivo primordial	
INTERVENCIÓN PSICO-EDUCATIVA	Toda a comunidade educativa do Instituto "Xelmirez II"	DIARIA	1991	Moi positiva. Implicación do profesorado co proxecto e do Centro co barrio	
No ÁMBITO SOCIO-LABORAL	Prantexámonos realizar un seguimento continuado dos rapaces/as en situación de risco, detectados tanto na escola como na rúa, co fin de levar a cabo unha labor motivadora que permita facilitar a súa integración social no barrio, priorizando a formación ocupacional e a posta en marcha de talleres pre-laborais, conscientes de que, na maioría dos casos, a súa inserción social pasa por lograr previamente saídas laborais.				
TALLER OCUPACIONAL PRE-LABORAL	Mozos/as con especiais dificultades de inserción no mundo laboral	DIARIO	1992	Participaron 29 mozos/as: 6 están en empresas, 3 na Escola Taller; 3 estudiando; 8 na rúa e 9 siguen.	Constituirse en colectivo laboral polo emprego. Contactar con empresas para traballos puntuais

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PRÓXIMO FUTURO: OBXECTIVOS PARA 1996

Como liña xeral prantexámonos a consolidación do funcionamento das actividades que se foron pondo en marcha en anos anteriores, dándolles continuidade, na medida das posibilidades, evitando que se queden en feitos puntuais illados. En concreto:

Dado que a falla de implicación do Concello de Santiago no Plan Comunitario ven dificultando grandemente o desenvolvemento do mesmo, e que a correlación de forzas políticas na Corporación logo das pasadas eleccións abre unha nova vía, pretendemos ***acadar un convenio de colaboración coa institución municipal***, que implique unha coordinación na actuación no barrio e poder dispoñer de espacios no Centro Socio-Cultural Municipal de Vite.

Por outra banda, continuaremos coa dinámica que vimos mantendo, establecendo as seguintes prioridades:

- Fortalecer o nivel de información, asesoramento e formación dirixido a toda a poboación do barrio: Por unha banda, consolidar o "***Punto de Información Xuvenil***", e por outra manter a elaboración e distribución do Periódico do barrio.

- Manter o desenvolvemento do "***Proxecto Educativo do Barrio***", no seu conxunto: Escola Dinámica de Adultos e Aula Aberta de Educación".

- Consolidar o programa de ***Educación para a Saúde***. Tentar de darlle unha cobertura global dende o barrio, a través das diversas plataformas que veñen funcionando e das actividades continuadas das mesmas; en estreita colaboración co Centro de Saúde do barrio.

- Manter as ***actividades socio-culturais e de tempo libre***, dirixidas a todo-los sectores da poboación do barrio, e dun xeito especial ós nenos/as e mozos/as. Continuando coa labor de integración nas mesmas dos veciños que presentan algún problema de inadaptación social.

- Continuar promovendo ***iniciativas de ocupación, asesoramento e formación laboral*** que posibiliten unha cualificación profesional da mocidade do barrio o máis axeitada posible. facendo fincapé nos veciños con maiores dificultades de integración derivada das diversas problemáticas sociais.

- Fortalecer o ***nivel organizativo*** das entidades do barrio e da propia Coordenadora.

Vite, Xaneiro de 1996